

**BASES DE EXECUCIÓN
ORZAMENTO DO 2026
XERENCIA DE URBANISMO
(expediente 17996/407)**

BASE 1ª. NORMA XERAL.-

A execución do Orzamento do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, axustarase ao previsto nas Bases de Execución do Orzamento Xeral, coas especialidades establecidas nas Bases que seguen.

BASE 2ª. ATRIBUCIÓNS DOS ÓRGANOS DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO.-

A autorización e disposición de gastos corresponderalle aos órganos da Xerencia, á Xunta de Goberno Local ou ao Pleno da Corporación, de conformidade coas atribucións xerais establecidas polos Estatutos deste Organismo Autónomo e pola normativa vixente de réxime local.

As modificacións orzamentarias que non sexan de competencia do Pleno serán aprobadas polo/a Vicepresidente/a ou Delegado de Urbanismo.

BASE 3ª. COMPETENCIA DO XERENTE.-

Ao Xerente corresponderalle o exercicio das seguintes atribucións:

- Autorizar e dispoñer tódolos gastos derivados dos contratos menores e todos aqueles cun importe non superior os 18.000 euros cando non lle corresponda expresamente a outro órgano do Concello ou da Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Autorizar e dispoñer o gasto correspondente á nómina, de acordo coas retribucións incluídas no Orzamento e coa relación de postos de traballo vixente.
- Recoñecer e liquidar as obrigas derivadas de tódolos gastos.
- A ordenación de pagos.
- Aqueles outros que lle delegara o Presidente, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo ou a Xunta de Goberno Local.

En ausencia do Xerente estas competencias serán asumidas polo Vicepresidente ou Delegado de Urbanismo.

BASE 4ª.- INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO.-

As axudas de custo para percibir polos membros da Corporación, funcionarios/as e demais persoal da Xerencia Mpal. de Urbanismo para satisfacer os gastos que orixine o desprazamento e



estancia fóra da residencia oficial adaptaranse ó disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio e disposicións complementarias.

O persoal que preste servizos de secretario ou interventor neste Organismo Autónomo será recompensado, con cargo ao seu orzamento, pola asistencia a xuntas, sesións ou consellos de administración mediante as axudas de custo por asistencia que de ser o caso lle correspondan, así como polas demais indemnizacións ou gratificacións que por razón do servizo ou por acumulación de funcións se xeren. A contía das axudas de custo e das gratificacións serán as establecidas de forma xeral para o conxunto dos organismos autónomos dependentes do Concello.

BASE 5ª. INGRESOS DA XERENCIA.

Os ingresos orzamentarios da Xerencia serán liquidados, recadados e contabilizados polos servizos deste organismo autónomo, sen prexuízo da colaboración puntual que poda prestar a administración xeral do Concello.

A recadación en vía de apremio dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro ditará a correspondente providencia de apremio.

BASE 6ª. PARTIDAS AMPLIABLES E AFECTADAS.

Non obstante o previsto no apartado 2 do artigo 172 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, terá a condición de ampliable o crédito correspondente á partida **1510.2279905 “Execucións subsidiarias”**, podendo ser incrementada a súa contía en función da efectiva recadación imputada ó **concepto 39902 “Execucións subsidiarias”**. A contía da ampliación será como máximo polo importe que supere a recadación neta sobre as previsións orzamentarias.

Tamén será ampliable o crédito da partida **1510.2279907 “Oficina de Rehabilitación”**, para o caso de que -como consecuencia de que se xestionen novos ámbitos e/ou novas liñas de axudas de rehabilitación/edificación- sexa necesario modificar ó alza o contrato de servizo financiado con este crédito. Dita ampliación estará supeditada ó compromiso firme e expreso de financiamento por parte doutra Administración e realizarse, como máximo, polo importe que exceda do consignado inicialmente no **concepto 45060 “Transferencia Oficina Rehabilitación”**.

A partida **1510.6800200 “Edificio Esturáns para alugueiro social”**, cunha consignación de 1.859.814,77 euros está afectada a efectiva existencia dos recursos que a financian:

- Transferencia de capital provinte doutras Administracións: **concepto 75000**.

- Alleamento de PMS: **concepto 60300**.

No caso de que os ingresos efectivos superen os importes destes conceptos a citada partida 1510.6800200 poderá ser ampliada.

A partida **1510.2020000 de alugueiros municipais**, cun importe de 700.000 euros, ten un dobre financiamento:

- 200.000,00 euros de recursos propios

- 500.000,00 euros con cargo ós ingresos polos alugueiros efectivamente recadados: **concepto 54100**. De existir unha recadación superior a este importe, o crédito da partida 1510.2020000 podería ser ampliado.



BASE 7ª. GASTOS PLURIANUAIS.

Será de aplicación a base orzamentaria do Concello nesta materia, sendo o órgano competente para alterar as porcentaxes fixadas no artigo 174.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais o Consello da Xerencia.

Vigo, na data da sinatura electrónica

María José Caride Estévez, VICEPRESIDENTE

